

1

O protagonista desta historia, un home a quen poderíamos chamar, por exemplo, Cosme Damián Ferro Barreiro, premeu con decisión o botonciño do mando a distancia para apagar o televisor. Levaba visto unicamente dez minutos de telefilme, pero fora tempo máis que suficiente para detectar na súa chencha algo semellante a unha revelación.

Naqueles dez minutos observara como no amplo despacho da súa casa de campo o escritor de novelas protagonista da historia que empezara a ver poñía a palabra “fin” (*The End* para sermos máis exactos) no último folio da narración acabada de rematar, botaba a continuación un xeneroso grolo de whisky, prendía un cigarro, achegábase á xanela cun aceno de satisfacción evidente a iluminarlle o rostro e paseaba unha ollada posesoria sobre a panorámica de coidadas herbeiras e bosques caducifolios que se estendía diante seu.

Unha vez discretamente empapado daquela fermosura campestre o escritor achegárase ó teléfono, marcara de *remanguillé* o número dunha editorial e saudara con xovialidade: «ola, McMurray (ou Forrester, ou Murphy), aquí Fulano. Teño unha novela recién acabada que che quero ensinar, ¿cando podemos vernos?»

Despois o telefílmico autor continuara a cháchara mentres paseaba dun lado para outro da estancia co soporte telefónico na

man e o auricular entre a orella e o ombro, dun xeito que lle fixo matinar a Cosme Damián na lonxitude desmesurada dos cabos dos teléfonos nos USA para poder permitir aquelas teleconversas peripatéticas que, por outra parte, debían ser o modo habitual de utilizar alá o aparello, a vulgar pola frecuente aparición de tal escena en todo tipo de filmes e telefilmes das douradas épocas anteriores a *móviles e sen fíos*.

Cosme Damián xa non necesitou ver máis. Era suficiente. Así, dese mesmo modo, con decisión e confianza, comprálle actuar a el.

Pero chegados aquí, antes de meternos en maiores fonduras da nosa historia, permitámonos un inciso para facilitar uns breves datos biográficos que nos sitúen mellor no miolo da cuestión: Cosme D. Ferro Barreiro, licenciado en Filoloxía desde cinco anos atrás, estudara Hispánicas e unha vez saído da universidade, por máis que preparara oposicións para profesor de ensino medio coma un condenado, non tivera maneira de obter unha mísera praza funcional coa que asegurarse o condumio de por vida.

No seu primeiro enfrentamento cun tribunal de oposicións dedicárase previamente a chapar o temario encerrado de luns a venres na casa, coa única axuda exterior de Luísa Rodríguez (de quen talvez se faciliten algúns datos un pouco máis adiante) e como os resultados acadados non fosen o suficientemente óptimos, para a segunda ocasión meteuse nunha academia, a deixar alí o fino carto paterno, porque estaba visto que doutro xeito non había maneira. Xa ben llo dixera o seu colega e amigo Ramón Loureiro Becerra, quen despois de tres anos de opositor, debullando temas coma un anano, conseguira o obxectivo nunha mañá memorable na que por fin puido telefonar á casa: «¡Papá, xa non traballo máis! ¡Aprobei as oposicións!» «Telo que ter moi claro, Cosme», dixéralle R.L.B., «se non cotizas nunha academia, non che vai ser nada doado aprobar ningún tipo de oposición funcional».

Pagou, xa que logo, relixiosamente Cosme, con fondos paternos, a academia e dedicouse a debullar temario a base de moita fotocopia e fino chape, pero nin por esas. Tampouco con tan custosa artimaña puido acadar un posto con dereito a praza. Desta volta aprobara o exame, iso si; e, todo hai que dicilo, cunha nota non mala de todo. Pero, claro, chegado o momento da verdade, atopouse por diante del na lista cunha reste de interinos que acumularan puntos, salario e apoio sindical en cantidades máis que suficientes para contrapesar a súa manifesta superioridade en coñecementos e preparación.

Despois destas descorazonadoras experiencias intentou Cosme probar fortuna no ensino privado. O seu xa citado amigo Ramón Loureiro pasoulle a información de que en certo colexio dun municipio limítrofe precisaban dun profesor de Lingua Española a media xornada. Púxose Cosme D. en contacto telefónico coa dirección do mencionado colexio e concertou unha entrevista para falar das condicións.

A brincar de contento coma un can famélico ó que de repente lle ofrecen un óso, colleu Cosme aquel mesmo día un bus para desprazarse á localidade veciña, onde despois dun *vis a vis* aparentemente satisfactorio para ámbalas dúas partes, o director propúxolle entrar a traballar xa para a semana seguinte en horario matinal de nove a trece trinta horas. Fixo os seus cálculos o mozo, pensou que necesitaría erguerse diariamente á desacostumada hora das sete e media para, entre pitos e flautas, non estar de regreso a xantar no domicilio paterno ata arredor diso das tres da tarde. Así e todo aínda lle quedarían unhas cantas horas vespertinas para continuar chapando temas con vistas a unha próxima oposición, e mesmo disporía do seu tempinho de lecer a última hora do día para dar unha volta a ver os amigos e tomar uns vasos por aí. Dixo entón que de acordo, que o luns da semana seguinte alí estaría coma un cravo disposto a empezar e antes de erguerse e dar por finalizada tan favorable entrevista lembrouse dun pequeno detalle non tratado ata o momento. «Ben», interrogou, «¿e

canto vou cobrar?» Inocente pregunta que provocou un inmediato xesto dorido nas ben formadas faccións do seu interlocutor.

«¡Ai, neniño!, ¿aínda non empezaches e xa me vés con esas? Pois se ese é o espírito co que te dispós a traballar, mellor che será ir buscando outra cousa», foi toda a explicación que lle deu por resposta o amable director. Ó cal Cosme Damián, moi digno, replicou mentres se erguía: «Está ben. Pois buscarei outra cousa logo». E regresou ó paterno fogar bufando en arameo para as súas interioridades, aínda que, rapaz optimista como era, dándolle ó mesmo tempo voltas na chenchá a algunha outra posible opción provisional que lle permitise dispoñer dunha certa dose de numerario para atender aínda que só fosen os gastos máis perentorios sen necesidade de botar man da cada vez máis reacia munificencia paterna mentres non arranxaba a solución definitiva da praza funcional en propiedade.

A primeira idea que se lle ocorreu foi a de confeccionar uns carteliños nos que se ofrecía a dar clases particulares a módico prezo e distribuílos estratexicamente por supermercados e tendas de comestibles da contorna. Pero o tempo transcorría e no teléfono familiar non soaba ningunha chamada en demanda da súa sabedoría, polo que empezou a detectar uns primeiros síntomas de desalento combatidos co razoamento de que, claro, aquela época –principios de curso– non era a máis axeitada para que uns pais preocupados pola marcha escolar dos seus rebentos mostrasen síntomas de interesarse en recabar os seus competentes servizos, pero a partir do Nadal empezarían a choverlle chamadas en tal cantidade que o teléfono familiar ía ferver. Esperanza que tamén se íría apagando pouco e pouco co transcurso dos meses.

Seu amigo e aconsellador R.L.B. explicoulle entón que as clases particulares de Lingua Española non eran precisamente das máis requeridas. Outro galo cantaríase se fosen de Matemáticas, Informática, ou Inglés, consideradas, á parte de máis *peñazos*, moito máis necesarias e produtivas para os rillotes ignaros poderen desenvolverse na vida moderna.

En Matemáticas e Informática non podía Cosme presumir de competencia, polo que vía a cousa bastante crúa; pero no tocante ó Inglés xa era outro cantar. Aínda que incapaz de seguir o diálogo de películas, tanto británicas como estadounidenses, en versión orixinal, nin sequera con subtítulos (e este era un tema sobre o que lle gustaría falar con tanto snob horrorizado coa dobraxe a idioma propio, fulaniños deses que din ser imprescindible o audiovisionado dos filmes en V.O. para non perder as súas deliciosas esencias artísticas e pasan toda a proxección lendo carteliños mal traducidos, sen tempo para un verdadeiro disfrute. ¿Ou é que só se pode gozar coa lectura de Chespir no seu idioma orixinal? ¿Ou teríamos que ler obrigatoriamente a Kafka en alemán e a Bashevis Singer en yiddish para saber o que é arte? ¡Estaríache boa!).

En fin, que co Inglés do bacharelato e da carreira, amais do que pola súa conta fora controlando nas leccións por fascículos e cassettes de Planeta-Agostini, considerouse con capacidade suficiente para desasnar rapaces nos iniciais graos de ensino secundario. E sen máis, xa pasada a metade do curso, compuxo novos anuncios que repartiu outra volta polos establecementos de costume, nesta ocasión co resultado esperanzador de cinco chamadas que acabaron por concretarse en tres clases vespertinas a dar nos respectivos domicilios de senllos estudantes a quen se lle atravesaran os rudimentos da lingua de Tony Blair.

Así transcorreu aquel final de primavera e todo o vrao. E aínda para o inicio do curso seguinte conservou unha alumna fiel, sumamente remisa á adquisición de novos coñecementos idiomáticos e cuns pais adañeirados dispostos a sacrificar levemente a faldriqueira en aras de incrementar a sabedoría da súa filla, quen –por outra parte– mostraba unha imprudente afección erótica centrada na aposta figura daquel profesor particular, a quen chegou en ocasións a acurrallar coas súas insinuacións procazes. Cousas polo estilo de «máis que o Inglés, gústame o *francés*», ou «que ganas teño de darlle unhas lambetadas a un bo *chupa-chup*», frase esta última acompañada dunha nada discreta

ollada lasciva ó paquete do *profe*. Ou, máis adiante: «Xa me están empezando a medrar as tetas. Mira, apalpa». Ou: «¿Seique tes durmido o paxariño. A ver, déixame tocar». O que chegou a provocar situacións un tanto perigosas, especialmente por producírense nunha estancia xusto ó lado de onde o pai da interfecta tomaba a sesta, co agravante de a cría ter tan só doce anos).

A cousa acabou por alarmar considerablemente ó prudente Cosme Damián, quen, aínda que necesitado da *pasta* das súas clases, xa non sabía ben como escapulirse do acoso daquela nínfula, el que non se atopaba precisamente na situación dun Humbert Humbert, e ademais coa libido polo chan como andaba nos últimos tempos. O que, por outra parte, non é nada de estrañar dada a súa precaria e incerta situación laboral, aínda que el achacase a súa inapetencia sexual ó fracaso da relación amorosa con Luísa Rodríguez (esa da que prometemos falar hai un pouco).

Luísa era unha compañeira de facultade coa que mantivera un idilio estudantil durante a época universitaria, un amor deses para toda a vida que, como tantas cousas que neste e noutros eidos son para toda a vida, acaban en pouco tempo por esmorecer e morrer. Mentres Cosme Damián pasaba o triste trago das súas primeiras oposicións, Luísa triunfaba noutras ás que se presentara en Andalucía e para alá marchara, a ilustrar ananos túzaros en Brazatortas, Cañete de las Torres ou Peal de Becerro, co resultado de por volta dun ano estar xa casada cun compañeiro de instituto, información que lle chegou ó atribulado amador por medio de Teresa Castro, Tere, unha boa amiga de ambos. E sobre este asunto o mellor é non falar máis, esquecelo, borralo, enterralo.

Volvendo logo ó das clases particulares, o diñeiro que C.D.F.B. embolsaba no fin de cada mes nos seus minguados petos era tan cutre e escaso que nin para os vasos cos amigos se podía estirar, o que facía que nada máis oír o consabido comentario da preguiza e vagancia da xuventude actual, parasitadora de prestacións paternas durante épocas que chegan a máis dos trinta anos, se puxese a subir polas paredes.

E agora, mentres esperaba o son da campana para o seguinte asalto, que por tratarse do terceiro debería ser o da vencida, aínda que ós pais non llo confesou, mentres eles supuñan que en horario vespertino seguía a pegarlle ós temas con saña viquinga a fin de conseguir que aquela ocasión fose a definitiva, o que o mozo fixo, descorazonado xa de toda posibilidade de acceso polos seus propios medios á profesión docente, foi dedicarse ó que desde neno, desde que empezara a destruír as súas posibilidades de futuro nas aulas onde lle impartían coñecementos de BUP, soñara sempre: escribir novelas.

Xa naqueles tempos escolares confeccionara Cosme Damián algúns poemiñas lidos con certo éxito entre un grupello de intelectuais incipientes que con periodicidade máis ben irregular sacaban unha folla informativo-literaria no instituto. Posteriormente, na Universidade, nun concurso de narrativa para estudantes fóralle premiado ó aural artista un contiño que un dos membros do xurado, colaborador das páxinas culturais dun xornal local, tivera a ben louvar moderadamente.

Pero de aí non pasara a cousa porque o estudo non lle permitira ó mozo dedicar á escrita o tempo necesario para realizar unha obra en debidas condicións, tanto no referido a cantidade como a calidade.

Mais desta volta si. Todas as mañás, en lugar de memorizar os estúpidos temas das oposicións, xa aburridos de tanto repasalos en balde nun exercicio esterilizador e castrante, encerrado no seu cuarto empezara C.D.F.B. a redactar, cunha envexable tenacidade, aquela novela que durante tantos anos lle roldara a cabeza e que agora por fin, ordenadamente, capítulo a capítulo, empezaba a plasmarse no papel.

Foi preto dun ano de traballo ímprobo, pero ó cabo rematouno, aínda que –cousa curiosa– non se lle ocorrera poñerlle a palabra fin no folio derradeiro. Talvez por iso lle pareceu que non estaba a cousa ben acabada e botara seis meses máis a repasar,

rachar e reescribir todas aquelas partes non enteiramente conseguidas, ata case ter feito unha nova novela.

Deixouna en repouso durante o vrao, mentres para afastarse do perigoso acoso amorio da tenaz alumna de pasantía que seguía erre que erre requirindo as súas leccións co ignorante beneplácito paterno, decidiuse a realizar unha pequena viaxe de inmersión cosmopolita á Gran Bretaña, onde se ben non mellorou moito o seu escaso inglés, adquiriu en cambio unha considerable experiencia como frega-pratos.

Cando á volta das Illas se puxo a reler canto deixara escrito, corrixido e reescrito, sentiu tal decepción que case lle entraron ganas de guindar co tocho ó caldeiro do lixo; pero sabedor de que quen persevera acaba por triunfar, comezou un novo labor de repaso creativo, tacha outra vez aquí, rompe agora acolá, reforma nestoutro lado, durante outros seis meses máis, nos cales renunciou temporalmente á impartición de clases particulares para non interferir naquel máis elevado labor.

Parecelle por fin desta volta que a cousa quedaba xa un pouco mellor, pero, indeciso así e todo, non se atreveu a mostrarlle a ninguén, ¿quen sabe?, talvez se a deixaba durmir outro tempo para volver despois sobre ela a ver se detectaba algún defecto que aínda agora se lle puidese ter escapado, quedaría o choio definitivamente modelado e...

E nestas andaba cando aquela noite, despois de cear, séntase na sala logo de os seus pais teren marchado para a piltra e empeza a ver a referida película na cal figuraba como protagonista o antes citado ficticio autor de novelas norteamericano. Definitivo. Non máis dúbidas. Non máis correccións. Así era como lle cumpría actuar a el, repetiuse. Poñer a palabra fin e ¡a publicar!

Repasou así e todo por enésima vez os douscentos oitenta e sete folios en que despois de tantos suores, dúbidas, chataduras, follas rachadas e composicións e descomposicións de parágrafos,

oracións, frases e similares, acabara por plasmar o gran relato. Despachou logo unha copiña de fino augardente de herbas (non tiña whisky a man e foi pena, porque resultaría máis literario de acordo co canon actual), fumou un xaruto gardado do casamento da súa irmá e prometeuse que mañán sería o gran día. Non chamaría ó editor por teléfono porque, entre outras cousas, o da súa casa era de parede e non podía polo tanto andar dando voltas polo corredor con el encolgado da man mentres conversaba. Iría directamente á editorial, despois de pasar por unha copistería onde lle fotocopiasen e encadernasen o precioso orixinal, e alí exporía á admiración rendida dos editores o celmoso froito do seu traballo.

2

Non foi ó día seguinte, senón dous días máis tarde, por culpa dos das fotocopias, moi apurados co dos temarios para opositores, cando o noso heroe se presentou nas portas da editora.

Entrou con paso decidido e achegouse a un individuo con aspecto de oficinista de nacemento a ollalo con certa desgana desde o outro lado dun mostrador escasamente literario.

«¡Bos días!» «¡Bos días!, etcétera», saudáronse. E cunha xovialidade que buscaba auxilios desesperadamente nalgún recorte da fita precipitadora da súa decisión, Cosme Damián Ferro Barreiro puxo enriba do mostrador a súa valiosa obra, «isto, mire vostede, teño aquí unha novela, en fin que, etcétera etcétera, a ver que lle parece, digo eu, etc....».

A cousa marchaba mal, recoñeceu furioso consigo mesmo un C. D. a cada paso máis tateante, acovardado, a tragar cuspe cunha frecuencia de doce elevacións de gañote por minuto, mentres dubidaba sobre se trazar un breve esquema do argumento da súa obra ou facer un esbozo xeral da intención con que a escribira. Pero enfrente seu o oficinista de nacemento non o axudaba nada, pero o que se di nada de nada.

«¿E o seu currículo? A ver, ¿que me di vostede do seu currículo?», abriu a boca por fin o inexpresivo representante do

mundo editorial cando os titubeos do escritor empezaban a dar mostras de levar a unha velocidade uniformemente acelerada cara a un silencio a cada paso máis sahariano, ou mellor escrito, polo aquel da temperatura, ártico.

«Glub, ¿o meu currículo?, ¿que quere, glub, dicir?», sorprendeuse un tanto Cosme. «Pois o seu currículo, digo eu», expresouse con firmeza o oficinista impasible do outro lado do mostrador, «os seus libros publicados, os seus traballos xornalísticos se os houbese, premios, críticas, etcétera».

Cosme Damián Ferro Barreiro dubidou. Talvez fixera mal aquela noite pasada apagando tan á lixeira o televisor. Quizais debería ter esperado polo menos á entrevista do novelista co editor, a ver como se desenvolvía a cousa, para tomar nota e coller recortes; pero o pasado non ten remedio, de modo que non lle quedaba outra solución senón a de continuar para adiante sen ningunha guía pola cal se orientar.

«Home, pois, glub, o que se di libros publicados non teño ningún, vaia, este é o primeiro, glub, pero se lle parece ben botarlle un vistazo, a ver...» «Esta é unha editorial importante, querido amigo», cortouno cun tono a cada paso máis implacable o oficinista de nacemento, «aquí publicámoslle a autores coñecidos, ou obras que con toda seguridade van ter un *impacto* considerable».

«Talvez a miña...», tratou de meter baza Cosme Damián coa certeza de ter aquel asalto perdido a asentárselle no corazón.

O oficinista xa non concedía cuartel, vía o inimigo en inferioridade de condicións e non quixo perder a ocasión de rematar a faena: «Xa lle digo, se non ten un currículo, nada».

Soaba a campana e Cosme Damián Ferro Barreiro soubo chegado o momento de retirarse ó seu canto para preparar o asalto seguinte, porque o que é aquel xa o tiña máis perdido que Alemaña a Segunda Guerra.

Recolleu a carpeta pousada no mostrador, xusto debaixo do nariz do oficinista de nacemento, coa infundada esperanza de que unha mínima pisca de curiosidade intelectual o levase a botarlle aínda que só fose unha breve ollada ó título, e iniciou a saída. Vencido, si; pero aínda non derrotado. Para algo xa pasara pola frustrante experiencia dun par de oposicións a ensinos medios, que non endurece pouco que digamos.

3

De volta para a casa, C.D.F.B., no fondo un espírito optimista, pensou que, fose como fose, o primeiro paso xa estaba dado e iso era o importante. De aí para adiante todo sería perseverar e ó cabo o triunfo non se lle había resistir por moito tempo máis e acabaría caendo polo seu peso.

Así e todo aínda botou preto dun par de semanas antes de dar un novo paso. Releu outra volta a novela, atopou que non lle quedara nada mal (desta vez os retoques foron mínimos, desas miudezas reparables case todas con *tipex* e un risquiño de bolígrafo por riba) e meditou sobre os fallos da súa saída inicial.

En primeiro lugar, o máis importante de todos: descargara a súa artillería no alvo trabucado, fronte a un mísero empregaducho administrativo, seguramente de ínfima escala, a quen en boa lóxica non lle debería ter dado *chance*, unicamente esixirlle que o levase á presenza do director da editorial, ante quen ofrecería e defendería o produto da súa creatividade intelectual, e non diante do primeiro chupatintas resentido con quen bates de mans a boca do outro lado dun mostrador. Un despacho, un despacho era o lugar requirido para facer unha presentación en condicións do seu produto.

¿Como solucionar iso para o próximo intento? Antes de volver ó mesmo lugar cunha nova estratexia Cosme Damián Ferro

decidiu que a segunda tentativa faríaa nunha editorial distinta. Barallou os enderezos de dúas ou tres e inclinouse por unha, de solvencia e seriedade ó seu xuízo ben acreditadas, de fóra da súa cidade, á que por este mesmo motivo, en lugar de desprazarse persoalmente, faría o envío por correo ou mensaxeiro, cunha atenta carta explicativo-presentatoria para o estimado señor director ou sucedáneo cualificado.

Así o fixo e mentres non lle chegaba a contestación seguiu a moer e remoer nos detalles daquela entrevista frustrada coa intención de sacar todo o proveito posible da experiencia con vistas a unha futura situación similar. Desde logo, ¡mandaba moito carallo!, a que fulano tivera a debilidade de se enfrentar na súa primeira saída ó mundo da edición: un tipo malasombra sen zorra idea, un derrotado da vida con toda seguridade, e definitivamente amargado por tanto, que che di que se queres publicar un libro debes ter un currículo, cando para ter un currículo máis ou menos literario cumpreche polo menos ter publicado antes un libro. Átame esa mosca polo rabo.

¿Pero que se podía esperar dun tipo sentado detrás dun mostrador á entrada dunha editorial, quen a pesar da súa cara de oficinista de nacemento –talvez ensaiada horas e horas diante do espello coa pretensión de ascender a, ou aparentar unha, cualificación superior–, o máis probable sería que non pasase de ser un mísero auxiliar de oficios varios sen a máis mínima posibilidade de promoción?

Con todo, algo tiña que agradecerlle a aquel fulano. O tipo inquirira sobre os seu traballos xornalísticos, certamente inexistentes, e iso proporcionáballe agora a Cosme D. Ferro B. unha idea que moi ben podería empezar a desenvolver desde aquel mesmo instante. ¿Por que, mentres agardaba a resposta da segunda editorial, non iniciar contactos con calquera xornal a fin de ir publicando algunha colaboracionciña e irse facendo unha firma que lle servise de tarxeta de presentación para o futuro?

Deste modo podería matar dous paxaros dun tiro: por unha banda adquirir de cara ó público xeral unha certa cualificación intelectual, e pola outra sacar unhas pesetiñas que non lle habían vir nada mal para axudar a remendar o seu desastroso estado financeiro, absolutamente dependente da cada vez máis remisa munificencia paterna.

Meu dito, meu feito. Aquela mesma tarde Cosme Damián Ferro Barreiro empezou a redactar un artigo que non había quedar nada mal na páxina de Opinión de calquera xornal que se prece. Rematouno ó día seguinte e xusto cando escribía o seu nome debaixo da última liña, ocorréuselle outro tema de actualidade que tamén lle gustaría tratar. Así o fixo, descubriendo gratamente sorprendido que este segundo artigo xa lle saía con moita máis fluidez e facilidade que o primeiro. ¡Se aquilo case parecía cousa de coser e cantar! Mesmo un idiota de nacemento podería escribir traballos xornalísticos de opinión sen forzar excesivamente as meninxes. A propia experiencia estábalo a demostrar.

Pola noite escribiu un novo artigo. E outro máis ó día seguinte pola mañá. Saíanlle coma roscas, pero pareceulle que para mostra inicial xa estaba ben, tampouco se debía abusar do caletre. Pasounos a limpo na *olivetti*, meteunos nunha carpeta e alá se foi camiño da redacción dun xornal, onde, coa lección ben aprendida, antes de cousa ningunha, preguntou polo director, con quen solicitou unha entrevista.

Fixérono esperar nunha saliña estreita e triste, onde se atopaba outro mozo que, á primeira ollada, lle semellou de características similares ás súas, especialmente pola carpeta azul con gomitas que mantiña enriba dos xeonllos en actitude de paciente e semi-esperanzada espera.

Non se lle presentou ocasión de cruzar unhas palabras co presunto colega, fóra das rituais de saudación, porque cando C.D.F.B. se sentaba logo dun tanteador boas tardes, o outro probable aspirante a firma colaboradora foi chamado a despachar. O

fulano botou un anaquiño alá dentro e ó pouco saía, con cara de pau, expresión que tampouco Cosme Damián tivo tempo de analizar en profundidade e condicións, por ser reclamado el no mesmo instante.

Entrou e saudou con aquela desenvoltura que tan importante lle parecera no telefilme desencadeante da súa intrepidez, ola McMurray (ou Murphy, ou Forrester, ou – neste caso– Señor Director), son Cosmián Ferreiro (aguda contracción onomástica, como se pode observar, con vistas a unha máis doada identificación por parte do futuro público lector) e traio aquí unhas colaboracións que.

O director, aparente cincuentón ben conservado, boa presenza, aspecto accesible, fíxoo sentar con moi boas maneiras, escoltouno con atención, os cúbados sobre a mesa, as mans elevadas, xuntas palma con palma diante do nariz, o queixo repousante nos polgares abertos, os ollos amablemente interesados a seguir o discurso de Cosmián.

Pero cando o grande escritor e columnista á percura dunha base curricular fixo ademán de abrir a carpeta e sacar unha daquelas escintilantes mostras do seu enxeño laborioso, o director separou unha man para poñela en posición de alto, querido amigo, non sabe ben canto agradezo que se lle ocorrese a vostede distinguir o noso xornal coa súa elección, pero dáse o caso de, por problemas de espazo, xa sabe, exceso de colaboracións, compromisos adquiridos con anterioridade, outras firmas, que lle vou dicir que vostede non saiba, outras firmas, compromisos adquiridos, naturalmente, exceso de colaboracións, a ver se máis adiante, xa me entende, ¿un mes?, non, seis meses, talvez un ano mellor, ¿que quere que lle diga?, darlle paso a xente nova, ben nos gustaría, seiva renovada, sangue poderoso, pero problemas de espazo, artigos dificilmente, aínda colaboracións gráficas, chistes e cousas dese tipo, pero, xa sabe onde nos ten, en fin, para outra vez.